



Concello de Viveiro

CORRECCIÓN ERROS DAS BASES DE SELECCIÓN DO CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN DO CONCELLO DE VIVEIRO

ARTIGO 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no campamento municipal de verán do Concello de Viveiro, que se desenvolverá durante o verán para os/as menores do municipio.

Este campamento de verán ten a finalidade de facilitar unha alternativa de ocio para as nenas e nenos así como a conciliación familiar durante os meses de vacacións estivais.

As actividades que se desenvolverán terán carácter lúdico: manualidades, obradoiros de refugallo, actividades deportivas...

ARTIGO 2. Persoas destinatarias

O campamento urbano de verán está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2007 e 2015, ámbolos dous incluídos.

ARTIGO 3. Lugar e período de realización

O campamento desenvolverase no pavillón do IES Vilar Ponte dende o día 12 de xullo ata o 30 de agosto.

O horario de será de 8.30 a 14.00 horas, de luns a venres.

ARTIGO 4. Numero de prazas ofertadas

a) O campamento urbano de verán oferta 100 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.

b) Resérvanse 5 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

c) No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, pasarán a acumularse ao resto de prazas libres.

ARTIGO 5. Prazo de solicitude

A presentación de solicitudes realizarase no prazo de 5 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios dixital.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Concello de Viveiro

ARTIGO 6. Requisitos de participación

- a) O/ a menor deberá estar empadroado no concello de Viveiro cun mínimo dun ano de antelación á data de comezo do campamento.
- b) Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2007 e 2015, ámbolos dous incluídos.

ARTIGO 7. Solicitud e documentación a presentar compulsada

- a) Solicitud de participación no campamento, que figura como ANEXO I a estas bases.
- b) Fotocopia do DNI do/a menor
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria
- d) Fotocopia do DNI do pai/nai/titor legal que asine a solicitud de campamentos
- e) Fotocopia do libro de Familia
- f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- g) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- h) Vida laboral dos proxenitores ou certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade impartidora.

ARTIGO 8. Criterios de selección

- a) En primeiro lugar seleccionaranse aos nenos e nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores, teña vixente unha relación laboral no prazo de presentación de instancias ou estén realizando un curso do plan de formación impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas.

No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor

- b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, entre as mesmas seleccionaranse por estricte orde de presentación de instancias.
- c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptado este criterio, seleccionaranse por estricte orde de presentación de instancias .
- d) Unha vez cubertas o máximo de 100 prazas ofertadas o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda



Concello de Viveiro

e) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar.

A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

ARTIGO 9. Tramitación das solicitudes

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola OMIX do concello de Viveiro.

ARTIGO 10. Listado de aspirantes admitidos e excluídos

a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.

b) Non será obxecto de subsanación a presentación de solicitudes incompletas, en aras ao principio de igualdade, tendo en conta que un dos criterios de selección é a data de presentación de instancias.

c) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios.

María Loureiro García

Alcaldesa de Viveiro

Documento asinado dixitalmente ao marxe